



COMPETENCIAS BÁSICAS NO PROXECTO CLIMÁNTICA

CIFP POLITÉCNICO DE SANTIAGO

Título da actividade

COMPETENCIAS BÁSICAS NO PROXECTO CLIMÁNTICA

Áreas

Coñecemento do medio de terceiro ciclo de Primaria, Proxecto interdisciplinar de 1º de ESO, Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais de ESO e Pedagogía terapéutica

Lugar das sesións presenciais

CIFP Politécnico de Santiago

Inscrición

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Sistema de Xestión da Formación do Profesorado

<http://www.edu.xunta.es/fprof>

- **Área:** Temas transversais
- **Formas de participación:** A distancia
- **Centro de formación e recursos:** Servizos centrais
- **Referencia:** X1101038
- **Data límite de inscrición:** 20/12/2011

Destinatarios

Ensinanza, familia, ciclo, curso ou materia: Primaria e ESO


Corpos: Mestres e Profesores de Ensino Secundario

Especialidades: Educación Primaria, Bioloxía e Xeoloxía, Física e Química, Tecnoloxía e Xeografía e Historia, Pedagogía terapéutica

Número de prazas: 50

Observacións ás prazas: Haberá unha posta en común o día 9 de marzo, na que é necesario participar para a avaliación positiva da parte non presencial.

Criterios de selección: Os criterios xerais do plan anual de formación



COMPETENCIAS BÁSICAS NO PROXECTO CLIMÁNTICA

Horas

Non presenciais: **18**


Presenciais: **12**

Obxectivos e impacto da actividade sobre a práctica docente

- Aportar contidos, actividades, recursos didácticos e orientacións metodolóxicas para o desenvolvemento de unidades didácticas, programación e proxectos curriculares, orientados ao desenvolvemento de competencias básicas, facendo especial fincapé nas de aprender a aprender e dixital.
- Estimular o uso dun fío condutor para desenvolver propostas curriculares ambientais transversais de Primaria e ESO, que se articule en base a datos relativos ás evidencias, aos impactos e ás solucións ao cambio climático, e obtidos dende a memoria familiar e dende a meteoroloxía
- Usar as TIC para o desenvolvemento das competencias básicas na comunicación sobre o cambio climático e o medio ambiente, dende a área de Coñecemento do medio de Primaria, a materia proxecto interdisciplinar de 1º de ESO, e as materias, ámbitos e módulos compatibles con modelos de desenvolvemento curricular Ciencia – Tecnoloxía – Sociedade.

Estes obxectivos oriéntanse a conseguir un impacto sobre a práctica docente no estímulo da formulación de problemas auténticos e de relevancia social, que conduzan a diferentes propostas de desenvolvemento curricular, prácticas, innovadoras e multimedia. A formación facilitará por tanto a aparición de propostas de desenvolvemento curricular vinculadas coa actualidade e coas preocupacións sociais.

Para conseguilo apóstase por un enfoque transversal no marco de Ciencia – Tecnoloxía – Sociedade (CTS), conducido polo centro de interese do reto do cambio climático. Por iso interesa que o seu impacto sobre a práctica docente xere oportunidades transversais que redunden na calidade do ensino, e que poña ao estudante en clave de traballo académico para desenvolver as competencias básicas. Entre as competencias que se pretenden estimular destacan a dixital (blog, videoxogo, actividades interactivas), lingüística (editor do blogue), aprender a aprender (estacións meteorolóxicas e prácticas de laboratorio) e iniciativa persoal e cidadá (toma de decisións para ordenar o territorio e xestionar os recursos de poboacións sostibles que se constrúen coa súa toma de decisións e que deben posibilitar a mitigación e adaptación ao cambio climático na primeira metade do século XXI).



COMPETENCIAS BÁSICAS NO PROXECTO CLIMÁNTICA



Contidos

- O cambio climático
- Xestión do territorio, do urbanismo, dos recursos e da enerxía para a adaptación ao cambio climático no videoxogo CLMNTK
- Boas prácticas na alimentación
- Hábitos de mobilidade saudable
- Consumo responsable
- Evidencias, causas, consecuencias e solucións do cambio climático
- Fundamentos de meteoroloxía escolar

Correlación dos contidos da actividade co currículo

Os contidos relaciónanse directamente cos currículos de Coñecemento do Medio de Primaria, coas áreas de Ciencias da Natureza e de Ciencias Sociais e coas materias de Bioloxía e Xeoloxía, de Física e Química, e de Xeografía e Historia de ESO. Estas relacións establécense dende

os conceptos de clima, elementos do clima, evidencias, causas, consecuencias e solucións do cambio climático, introducidos dende a memoria interxeneracional relativa ao clima, ao consumo e á mobilidade.

Metodoloxía

Este curso deseñouse pensando en abordar proxectos interdisciplinares centrados no currículo de coñecemento do medio de Primaria e no ámbito de Ciencia-Tecnoloxía-Sociedade de ESO. Para conseguilo, estruturouse o curso nunha parte presencial e noutra a distancia, con metodoloxías diferentes, pero complementarias.

A metodoloxía da parte presencial está enfocada a que profesorado faga unha análise do tipo de actividades, dos recursos e das metodoloxías que se propoñen en Climántica para traballar as competencias básicas para a comunicación sobre o cambio climático, as súas evidencias, impactos e solucións. Farase con un enfoque teórico-práctico, e por tanto organizárase en módulos. Por iso na parte presencial, os relatores presentarán as actividades, recursos e metodoloxías para estimular actividades de aula. Esas actividades enfocaranse para estimular a curiosidade e o obtención de conclusións e ideas sobre

as evidencias, impactos e solucións ao cambio climático que se publicarán nos blogues de aula. Este tipo de comunicación nos blogues enfocárase dende dous xeitos: no caso no que o editor sexa o profesor, e no caso no que o profesorado decida ter alumnos colaboradores na edición. Tamén se tratarán as cuestións relativas á corrección, avaliación e moderación das aportacións dos estudantes aos blogues de aula. As actividades que se proporán na parte presencial como modelo a ampliar e contextualizar nas aulas, son prácticas de laboratorio sinxelas, con material da vida cotiá, actividades de comunicación da meteoroloxía e da climatoloxía, e actividades web interactivas.

A parte non presencial desenvolverase co obxectivo de por en marcha un edublogue de aula que de soporte as competencias para a comunicación sobre evidencias, impactos e solucións ao cambio climático. A metodoloxía

COMPETENCIAS BÁSICAS NO PROXECTO CLIMÁNTICA

a seguir plásmase na secuencia de actividades dunha plataforma online que permite unha autoaprendizaxe moi intuitiva do manexo dos edublogues de aula; apoiada en todo momento en pdfs de capturas de pantalla onde se sinalan, paso a paso, as tarefas que hai que facer. Esas capturas de pantalla tamén quedan recollidas en vídeo-tutoriais que reproducen a visualización, na pantalla dun ordenador, de todo o proceso a seguir, coas mesmas anotacións que aparecen nos pdfs. Deste xeito, un usuario básico en informática sairá coa formación a distancia necesaria para xestionar e administrar un blogue de aula; contando con atención tutorial personalizada diaria.

Inspirándose nos recursos, metodoloxías e modelo de actividades presentados nas sesións presenciais, os docentes desenvolverán ao menos 4 posts nese blogue de aula que presentarán na xornada da posta en común. Nesa posta en común describirán ao menos un deses posts,

seleccionado en base aos resultados da súa aplicación da aula, e polo interese que poida despertar na maioría dos asistentes. Sobre el exporá: 1) unha descrición, 2) cal é o seu obxectivo e cales son os contidos que recolle, 3) cómo se relaciona co currículo, 4) unha valoración das respostas dos estudantes, 5) Conclusións sobre o potencial da proposta. Os posts poden aplicarse en diferentes grupos, áreas e materias. Cada un dos posts abordará un destes temas, tomando como referencia os recursos propostos no curso e o uso da técnica da entrevista sobre a memoria interxeneracional:

- Meteoroloxía, climatoloxía e cambio climático
- Xestión de recursos e enerxía
- Mobilidade
- Boas prácticas de consumo responsable

Competencias básicas que se traballarán co alumnado na posta en práctica dos contidos da actividade

- Competencia dixital relativo ao uso de edublogues para o desenvolvemento curricular
- Competencia de aprender a aprender sobre prácticas de laboratorio relativas ao cambio climático, sobre xestión do territorio e de recursos no videoxogo, e sobre as propostas de meteoroloxía

escolar segundo as propostas de colaboración Climántica-MeteoGalicia

- Competencia de iniciativa persoal nas propostas curriculares, problemas auténticos, centros de interese, investigacións tipo webquest, miniquest ou cazas do tesouro



COMPETENCIAS BÁSICAS NO PROXECTO CLIMÁNTICA

Axenda da parte presencial dos módulos

Módulo I (primeira parte).

RECURSOS E PROPOSTAS DE CLIMÁNTICA PARA ESTIMULAR AS COMPETENCIAS BÁSICAS NA COMUNICACIÓN SOBRE EVIDENCIAS, IMPACTOS E SOLUCIÓNS DO CAMBIO CLIMÁTICO

Mércores 11 de xaneiro de 18:00 a 19:30

*Relator: **Francisco Sóñora Luna**. Director do proxecto Climántica.*

Módulo II.

COMPETENCIAS BÁSICAS SOBRE CAMBIO CLIMÁTICO DENDE UN BLOGUE CARA UNHA REVISTA ELECTRÓNICA ESCOLAR

Mércores 11 de xaneiro de 19:30 a 21:00)

*Relator: **Víctor Caamaño Rivas**. Coordinador do proxecto Climántica no IES Francisco Asorey de Cambados.*

Módulo III.

OS EXERCIZOS INTERACTIVOS SOBRE ENERXÍA, MOBILIDADE, CONSUMO E CLIMA, COMO ESTÍMULO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Luns 16 de xaneiro de 18:00 a 19:30

*Relator: **José Manuel Bouzán**. Coordinador TIC do CEIP de Palmeira e responsable da adaptación ao formato interactivo das actividades de "Aprendemos coas escolas Climánticas".*

Módulo IV.

COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER A COMUNICAR A METEOROLOXÍA E A CLIMATOLOXÍA

Luns 16 de xaneiro de 19:30 a 21:00

*Relator: **Juan Taboada**. Técnico de MeteoGalicia.*

Módulo V.

COMPETENCIAS DE APRENDER A EXPLICAR O CAMBIO CLIMÁTICO MEDIANTE EXPERIMENTOS NUN LABORATORIO ESCOLAR

Martes 24 de xaneiro de 18:00 a 21:00

*Reladoras: **Mercedes Rodríguez Ruibal** e **Raquel Troitiño Barros**. Coordinadoras de Climántica no IES Nº1 de Ribeira.*

Parte a distancia e posta en común do Módulo I:

RECURSOS E PROPOSTAS DE CLIMÁNTICA PARA ESTIMULAR AS COMPETENCIAS BÁSICAS NA COMUNICACIÓN SOBRE EVIDENCIAS, IMPACTOS E SOLUCIÓN DO CAMBIO CLIMÁTICO

Dende o primeiro día do curso e ata a posta en común, estará aberta unha plataforma e-learning para formar na administración e xestión educativa do blogue de aula que se asignará a cada docente, e que tamén estará dispoñible dende o primeiro día, e para uso indefinido neste curso e en sucesivos. Durante ese tempo, atenderanse as dúbidas durante todos os días lectivos a través do foro e do correo electrónico do curso. Fixarase un día e unha hora á semana para unha sesión de chat. Os criterios para superar o curso son:

- Un 100% de acceso ás diversas tarefas que conforman o curso.
- Obtención dunha puntuación mínima dun 70% sobre a puntuación total.
- Ter publicados no blogue de aula ao menos un post sobre cada un dos 4 temas sinalados no apartado de metodoloxía, e analizar ao menos un deles para a sesión de posta en común.

A plataforma pechará o día 8 de marzo ás 24 horas. Darase a oportunidade de **recuperación** a todos os docentes que presenten de xeito satisfactorio na posta en común as súas investigacións – accións con edublogues de aula e que teñan o 100% de acceso aos diversos apartados do curso, **sen acadaren o 70%** da puntuación global, ou presenten xustificación dunha causa de forza maior que lle impida facer un seguimento normal do curso durante o tempo no que a plataforma estivo aberta. A pertinencia da xustificación terá que ser valorada polo equipo tutorial. A oportunidade de recuperación consistirá en abrir a plataforma de novo para eses usuarios dende ás 10 horas do día 12 de marzo ata as 24 horas do día 26 de marzo; momento no que quedará definitivamente pechado o curso. Durante ese tempo terán a posibilidade de realizar as tarefas pendentes para chegar ao resultado global do 70% de respostas correctas e de completar o número mínimo da 4 post, un por cada temática.

A **posta en común** será a última sesión e celebrarse o venres 9 de marzo de 18:00 a 21:00.

*Coordinadora da posta en común: **Susana Vázquez Martínez**, titora da parte non presencial do curso e coordinadora da blogosfera de Climántica.*

- Posta en común do deseño e desenvolvemento da aplicación da actividade a través do edublogue de aula
- Avaliación da participación e implicación dos estudantes
- Orientacións para fortalecer e estender as boas prácticas e para melloras en base a experiencia desenvolta
- Valoración da capacidade de réplica da proposta

Cabe a posibilidade de propoñer unha sesión presencial voluntaria para reforzar aspectos da xestión e administración dos blogues.

COMPETENCIAS BÁSICAS NO PROXECTO CLIMÁNTICA



Para calquera aclaración ou consulta adicional dirixirse a :

Proxecto Climántica
Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas
Tlf: 981 541 754
Correo electrónico: climantica@climantica.org



**XUNTA
DE GALICIA**



European Union

European Regional
Development Fund



ATLANTIC AREA Transnational Programme
ESPACIO ATLÁNTICO Programa Transnacional
ESPACE ATLANTIQUE Programme Transnational
ESPAÇO ATLÂNTICO Programa Transnacional

climantantic
local and regional actions
for carbon footprint reduction

COFINANCED WITH THE SUPPORT OF THE EUROPEAN UNION ERDF - ATLANTIC AREA PROGRAM

INVESTING IN OUR COMMON FUTURE